

3- NIVEL INTERMEDIO B1

3.1. Descrición do nivel.

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

3.2. Obxectivos xerais.

Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.

Producir e coproducir descricións sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.

Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiás, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.

Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiás ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario/a, situación, propósito) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiás do seu interese, en lingua estándar.

3.3. Obxectivos específicos.

3.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

- **O alumnado será capaz de comprender as ideas principais** dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

DPTO ITALIANO

- **O alumnado será capaz de comprender mensaxes e anuncios** e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.
- **O alumnado será capaz de comprender informacións** referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual .
- **O alumno será capaz de comprender informacións** referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.
- **O alumnado será capaz de comprender as ideas xerais** dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.
- **O alumnado será capaz de comprender a liña xeral de series** ou películas nas que se fale articulando con claridade, en lingua estándar e nas que a imaxe e a acción conducen o argumento.

3.3.2.Actividades de produción e coprodución de textos orais

- **O alumnado será capaz de intervir** en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.
- **O alumnado será capaz de dar** información sobre a identificación e a caracterización persoal.
- **O alumnado será capaz de dar** información xeral sobre un asunto de saúde.
- **O alumnado será capaz de resolver** nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).
- **O alumnado será capaz de participar** en xestións habituais nun banco, nas oficinas de correos ou noutras institucións similares.
- **O alumnado será capaz de pedir** un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre as diferentes formas de pagamento.
- **O alumnado será capaz de solicitar** información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.
- **O alumnado será capaz de facer** breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

3.3.3.Actividades de comprensión de textos escritos.

- **O alumnado será capaz de comprender** información e instrucións relevantes contidas en folletos sinxelos de divulgación, anuncios publicitarios e guías turísticas.
- **O alumnado será capaz de comprender** mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.
- **O alumnado será capaz de comprender** instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos, catálogos, libros de instrucións etc.
- **O alumnado será capaz de comprender** descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.
- **O alumnado será capaz de comprender** noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.
- **O alumnado será capaz de comprender** correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu

DPTO ITALIANO

ámbito académico ou profesional.

3.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- **O alumnado será capaz de escribir** notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.
- **O alumnado será capaz de cubrir** impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións.
- **O alumnado será capaz de tomar notas** a partir dunha reunión, dunha conferencia ou dunha aula, aínda que conteñan algunhas incoherencias.
- **O alumnado será capaz de redactar** resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.
- **O alumnado será capaz de redactar** documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.
- **O alumnado será capaz de redactar** textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

3.3.5. Actividades de mediación

- **O alumnado será capaz de interpretar** durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimoniais, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.
- **O alumnado será capaz de mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas no texto fonte.
- **O alumnado será capaz de tomar notas** escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.
- **O alumnado será capaz de resumir** por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

3.4 Competencias e contidos.

3.4.1. Socioculturais e sociolingüísticos.

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural.

Estes contidos adaptaranse ás distintas actividades da lingua.

Teranse en conta as seguintes áreas:

- a vida cotiá,
- as relacións persoais e profesionais,
- as convencións sociais,
- a linguaxe corporal

3.4.2. Estratéxicos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe

DPTO ITALIANO

responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

Estes contidos son válidos para os niveis B1- B2 e adaptaranse ás distintas actividades da lingua.

A. As **estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua, etc.
- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua, etc. Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

B As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento previo e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se

DPTO ITALIANO

entendeu.

- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa, etc.

3.4.3.Funcionais.

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Estes contidos adaptaranse ás distintas actividades da lingua.

Usos sociais da lingua:

- Desculpase por algo e reaccionar ante a desculpa.
- Escribir notas de agradecemento e desculpa.
- Presentarse e presentar a outras persoas.
- Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.
- Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas.

Control da comunicación:

Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión.

- Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas.
- Pedirle á persoa interlocutora confirmación da comprensión.

Información xeral:

- Describir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo.
- Describir obxectos e aparellos en relación coa súa utilidade e funcionamento.
- Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico.
- Relatar accións e circunstancias pasadas.
- Dar e pedir información sobre sucesos pasados.
- Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida.
- Solicitar información sobre servizos.

Coñecemento, opinións e valoracións:

- Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.
- Expresar gustos, afeccións, teimas etc.
- Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc.
- Explicar un síntoma dunha enfermidade.
- Falar do futuro e facer hipóteses.
- Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
- Explicar un problema de xeito sinxelo.

3.4.4.Discursivos.

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona adaptaranse á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de

DPTO ITALIANO

aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes.
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas.
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro.
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias.
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais.
- Catálogos.
- Manuais de instrucións.
- Guións.
- Currículo.
- Dicionarios.
- Prospectos.
- Receitas de cociña.
- Adiviñas.
- Biografías.

3.4.5. Sintácticos.

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

- Flexión de xénero e número do substantivo e do adxectivo.
- Posición e gradación do adxectivo. A comparación.
- Pronome tónico e átono. Presenza e ausencia. Función de suxeito e complemento.
- Determinantes. Artigo, demostrativo, posesivo, indefinido, cuantificadores.
- Posición e concordancia dos elementos da oración.
- Uso da impersonalidade.
- Usos do tempo de indicativo e subxuntivo en verbos regulares e irregulares máis frecuentes.
- Uso do imperativo afirmativo e negativo.
- aspecto. Incoativo, modo durativo.

DPTO ITALIANO

- Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición.
- O discurso referido: estilo directo e estilo indirecto.
- Réxime preposicional con verbos frecuentes.
- Adverbios. Usos e formas máis frecuentes.
- Conxuncións coordinantes e subordinantes máis usuais.
- Posición e concordancia dos elementos oracionais.
- Oración simple: enunciativa afirmativa, negativa, interrogativa, exclamativa, impersonal.
- Oración composta. Coordinación.
- Oración composta. Subordinación: de relativo, temporais, lugar, modo, causais, finais, condicionais.
- Correlación temporal nas oracións.
- Uso de conectores propios do nivel.
- Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos

3.4.6. Léxicos.

Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

- **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas.
- **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...
- **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía.
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación.
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais.
- **Educación:** o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos.
- **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións.
- **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet.
- **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais.
- **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos.
- **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética.
- **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento.
- **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais.
- **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias.
- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración.

DPTO ITALIANO

3.4.7.Fonéticos-fonolóxicos e ortotipográficos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan adaptaranse á organización de cada nivel, (B1-B2), ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

- Os fonemas que presentan maior dificultade.
- A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación.
- A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.
- Os procesos propios da lingua que presentan maior dificultade (tonalidade, alfabetos...).
- A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.
- O recoñecemento e uso das formas ortográficas.
- O uso especial de maiúsculas e minúsculas.
- As siglas e abreviaturas de uso frecuente.
-

SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES NIVEL INTERMEDIO B1

3.5 Temporalización por unidades.

Para o curso de B1 empregamos,principalmente, como libro de texto o método comunicativo

TELI MARIN.(2019): *Nuovissimo Progetto 1,Corso di lingua e civiltà italiana.A1–A2:Libro dello studente.* Edilingua Roma

TELIS MARIN.(2019): *Nuovissimo Progetto 1,Corso di lingua e civiltà italiana.A1– A2: Quaderno degli esercizi.* Edilingua: Roma.

TELLIS MARIN (2020) *Nuovissimo Progetto 2a .Corso di lingua e civiltà italiana B1. Edilingua, Roma.*

Aparte dos temas presentes nas unidades dos libros de texto, traballarase cos temas do curriculum pertinentes ao nivel B1.

A relación de actividades que se especifican a continuación hai que entendela como unha proposta que poderá sufrir modificacións que dependerán de factores temporais e do ritmo de aprendizaxe que se observe no grupo. Así mesmo as actividades de mediación iranse incorporando na practica da aula a medida que os alumnos vaian adquirindo as nocións dos temas do curso.

SETEMBRO

**Unidade 0: Benvenuti...Prima di cominciare
Nuovissimo Progetto 2A, Unidade 0**

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> ● Comprensión de textos orais: comprender frases e expresións habituais relacionadas con temas diferentes: casa, roupa, viaxes, cidades..etc. ● Produción e coprodución de textos orais: desenvolverse de xeito sinxelo pero eficaz para realizar un repaso de temas vistos en A2: Expresar dudas e describir. Expresar gustos e opinión. ● Comprensión de textos escritos: comprender a información básica de textos ou publicidade de temas xa coñecidos.
------------	---

DPTO ITALIANO

	<ul style="list-style-type: none"> • Produción e coprodución de textos escritos: intercambiar información concreta e sinxela cando se realiza unha compra online. Expresar accións cotidianas • Mediación: Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa ás actividades comprendidas no nivel A2.. Pedir e expresar unha opinión.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades sobre os contidos gramaticais, lexicales e fonéticos das unidade de A2. • Actividades de comprensión escrita: relacionadas cos temas de A2. Repaso. • Actividades de comprensión oral: conversas en situacións vistas no curso anterior. • Actividades de produción oral: reprodución un diálogo arredor dos argumentos vistos no curso anterior. Repaso. Falar de gustos (cores, estilos de roupa, receitas, cidades...) e dar opinións. • Actividades de produción escrita: descrición por escrito de gustos, comida, viaxes, tempo libre, a casa...etc • Actividades de mediación: explicación os compañeiros, oralmente ou por escrito, do contido relevante dun texto que fale de argumentos vistos no ano anterior. • Actividades variadas de apps na pantalla dixital, na aula virtual e na aula presencial, de diferentes tipoloxías de produción e comprensión, previstas na temática da unidade, de carácter máis lúdico.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Normas de acentuación das palabras. Fonética e lectura do italiano. • Saludar, presentarse e interesarse polos compañeiros/as e as suas vacacións. • Revisar situación como ir ao restaurante, o tempo libre, a casa, as viaxes, Ir ao restaurante, o tempo libre, a casa, as viaxes, as compras...etc • Pronomes persoais suxeito, pronomes átonos directos e pronomes átonos indirectos. • Os artigos partitivos e a partícula NE. • Repaso do Modo Indicativo: Presente dos verbos regulares e irregulares, Imperfecto, Passato Prossimo. Futuro Semplice. • Artigo: determinativo e indeterminativo. • Preposicións • Sustantivos e adxectivos, pronomes e adverbios (interrogativos).
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • QUIZ livello A2 • DAFO Lingüístico para reflexionar sobre a aprendizaxe. • comprende frases e expresións habituais relacionadas cos temas do nivel A2.. • desenvólvese de xeito sinxelo pero eficaz para realizar accións relativas aos contidos de A2. Expresa dúbidas, gustos e opinión. Sabe describir. • comprende a información básica de textos propios do ámbito do nivel A2. • intercambia información concreta e sinxela cando se realizan actividades como unha compra online, compra de comida, comprar entradas, ir ao restaurante..etc Expresa accións cotiás. • Transmitelle oralmente a terceiras persoas a información relativa aos temas do nivel A2 (ropa, comida, restaurante, tempo libre, viaxes, etc. Pide e expresa unha opinión.

DPTO ITALIANO

OUTUBRO

Unidade 1: Unidade1: Che c'è stasera in tv?
Nuovissimo Progetto A1-A2 (Unità 10)

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • comprensión de textos orais: Comprender monólogos ou diálogos sinxelos sobre temas relacionados coas preferencias televisivas e o tempo libre. • • produción e coprodución de textos orais: Expresar unha opinión, dicir o que gusta ou non gusta sobre a televisión e o tempo libre. Pedir e dar informacións de indicacións de rúa. • • comprensión de textos escritos: Comprender textos sinxelos sobre a televisión, indicacións de rúa e o tempo libre. • • produción e coprodución de textos escritos: Escribir textos narrativos e descritivos sinxelos sobre temática relativa á televisión e as preferencias e o tempo libre. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema. • • actividades de comprensión oral: textos audio sobre programas televisivos, indicacións da rúa, e tempo libre • • actividades de produción e coprodución oral: falar das preferencias televisivas, dar indicacións na rúa. Falar do propio tempo libre e actividades. • • actividades de comprensión escrita: textos sobre a televisión, as indicacións na rúa e o tempo libre. • • actividades de produción e coprodución escrita: resumir un texto; escribir sobres as preferencias televisivas nun blog. Participar nun blog sobre o tempo libre. • Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre programas de t.v, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as. • Actividades variadas de apps na pantalla dixital, na aula presencial e na aula virtual, de diferentes tipoloxías de producións e comprensións, coa temática da unidade, de carácter máis lúdico.
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • repaso <i>passato prossimo</i>, <i>imperfetto</i> e futuro. • • pronomes indirectos. Cos tempos compostos e con verbos modais co participio pasado. • • imperativo directo e con pronomes. • • <i>fare per</i>+infinitivo • • comparativo de igualdade, superioridade e inferioridade. • • superlativo absoluto e relativo. • • léxico relativo á televisión: xéneros e programas televisivos. • • léxico relativo ao tempo libre: actividades deportivas.

DPTO ITALIANO

	<ul style="list-style-type: none"> • alar das preferencias televisivas e motivar as preferencias. • ar ordes e consellos. • acer comparacións. • edir un favor, algo en préstamo. • ormular unha petición, unha invitación.
<p> Critérios de avaliación </p>	<ul style="list-style-type: none"> • omprensión de textos orais: Comprende monólogos ou diálogos sinxelos sobre temas relacionados coas preferencias televisivas e o tempo libre. • roducción e coprodución de textos orais: Expressa unha opinión, di o que gusta e o que non gusta sobre a televisión e o tempo libre. Pide e da informacións de indicacións de rúa. • omprensión de textos escritos: Comprende textos sinxelos sobre a televisión, indicacións de rúa e o tempo libre. • roducción e coprodución de textos escritos: Escribe textos narrativos e descritivos sinxelos sobre temática relativa á televisión e as preferencias e o tempo libre. • ediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

NOVEMBRO

Unidade 2 A ritmo di musica.
Nuovissimo Progetto A1-A2, Unidade 11

<p> Obxectivos </p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: comprender textos sinxelos onde se fala de música. • Producción e coprodución de textos orais: falar sobre os gustos musicais. • Comprensión de textos escritos: comprender textos sinxelos sobre a música. • Producción e coprodución de textos escritos: escribir sobras as preferenzas musicais. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre a música, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
<p> Actividades </p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema. • Actividades de comprensión oral: audio sobre o Festival de Sanremo • Actividades de produción e interacción oral: facer unha enquisa sobre os gustos musicais dos compañeiros. Falar sobre un concerto. Facer unha presentación sobre un cantante italiano. • Actividades de comprensión escrita: ler pequenos textos sobre cantantes italianos. • Actividades de produción e interacción escrita: Escribir un mail, falando dun concerto. Redactar unha presentación sobre un cantante italiano. Crear o noso Festival de Sanremo. • Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre a música, transmitindo o sentido xeral da

DPTO ITALIANO

	<p>información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades variadas de apps na pantalla dixital, na aula presencial e na aula virtual, de diferentes tipoloxías de producións e comprensións, , coa temática da unidade, de carácter máis lúdico.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Condicional simple: verbos regulares e irregulares • Uso do condicional. • Imperativo indirecto. Imperativo indirecto cos pronomes. • Pedir un favor, xustificarse. Propoñer alternativas. • Falar de música. • Expresar un desexo realizable. • Pedir algo en modo cortés. • Dar consellos. • Facer unha hipótese. • Expresar unha opinión personal. • Referir a opinión de outro, unha noticia. • Léxico da música e curiosidades sobre a música italiana.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: comprende textos sinxelos onde se fala de música. • Producción e coprodución de textos orais: fala sobre os gustos musicais. • Comprensión de textos escritos: comprende textos sinxelos sobre a música. • Producción e coprodución de textos escritos: escribe sobres as preferenzas musicais. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre a música, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

NOVEMBRO / DECEMBRO

**Unidade 3: *Prima di cominciare + Esami... niente stress!*
Nuovissimo Progetto 2A, Unidade 1**

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: comprender a información esencial de audios breves que traten sobre a escola e os exames e a universidade. • Producción e coprodución de textos orais: participar en conversas para pedir e dar información sobre as clases, os exames, a universidade e o sistema educativo italiano. Expresar incerteza e sorpresa. Facer eloxios. Pedir desculpas e reponder as desculpas. Falar dos teus estudos. • Comprensión de textos escritos: comprender o sentido global e localizar información relevante en textos básicos que traten sobre o sistema educativo en Italia, materias, clases..etc. • Producción e coprodución de textos escritos: escribir mail para informar sobre as clases a outro estudante, felicitalo polos resultados académicos, ou informar sobre as nosas universidades a un amig@ italian@. • Mediación: mediar en situacións cotiás das clases, cun discurso claro. Ser capaz de agradecer e responder, eloxiar, tranquilizar, expresar incerteza...
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema. • Actividades sobre os contidos gramaticais, lexicais e fonéticos da unidade.

DPTO ITALIANO

	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión escrita de diferentes textos sinxelos relacionados co tema escolar e os exames e a universidade. • Actividades de comprensión oral utilizando diferentes audios e vídeos relativos aos temas da unidade. Actividades on line sobre os temas. Implementar unha actividade de mindfulness para evitar o estrés dos exames. • Actividades de produción oral onde o alumnado interactuará solicitando e dando diferentes informacións. • Actividades de produción escrita como redactar unha carta, un mail, e outras tipoloxías textuais propias do nivel B1, feitas individualmente o en traballo colaborativo. • Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente información lida ou ouvida anteriormente sobre a música, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as. • Actividades variadas de apps na pantalla dixital, na aula presencial e na aula virtual, de diferentes tipoloxías de producións e comprensións, , coa temática da unidade, de carácter máis lúdico.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> • O sistema educativo italiano. • Algunhas curiosidades da universidade en Italia. • Facer eloxios e felicitar. • Tranquilizar a alguén. • Expresar a incerteza. • Pedir desculpas e responder ás desculpas. • Expresar sorpresa. • Falar dos teus estudos. • Pronomes combinados. • Os pronomes combinados nos tempos compostos. • Adxectivos, pronomes e adverbios interrogativos.
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende textos orais e información esencial de audios breves que traten sobre a escola e os exames e a universidade. • Participa en conversas para pedir e dar información sobre as clases, os exames, a universidade e o sistema educativo italiano. Expresa incerteza e sorpresa. Fai eloxios. Pide desculpas e reponde as desculpas. Fala dos seus estudos. • Comprende o sentido global e localiza información relevante en textos básicos que traten sobre o sistema educativo en Italia, materias, clases etc. • Escribe textos pequenos como mail, cartas, whatsapp.. para informar sobre as clases a outro estudante, felicitarlo polos resultados académicos, ou informar sobre as nosas universidades a un/unha amigo/a italiano/a-. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre a música, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

XANEIRO-FEBREIRO

Unidade 4: Soldi e lavoro
Nuovissimo Progetto 2A, Unidade 2

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: comprender diálogos que falan de operacións e servizos bancarios e de anuncios de emprego. • Produción e coprodución de textos orais: interactuar para realizar transaccións bancarias. Realizar coloquios de traballo.. Expresar e intercambiar opinións sobre o traballo e as nosas preferenzas. Desenvolverse realizando un coloquio de traballo. • Comprensión de textos escritos: comprender información específica de operacións bancarias, e ofertas de emprego. • Produción e coprodución de textos escritos: elaborar un Curriculum Vitae seguindo os textos modelo do libro. Escribir um mail a un banco solicitando información específica. Crear propostas de empregos. • Mediación: Referir a información contida en documentos texto, audio ou video sobre o tema da unidade.
------------	--

DPTO ITALIANO

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema. • Actividades sobre os contidos gramaticais, lexicales e foneticos da unidade. • Actividades de comprensión escrita de diferentes textos relacionados co tema como páxinas web, post, relacionados co mundo laboral e bancario. • Actividades de comprensión oral que tratan da banca e do mundo laboral. • Actividades de produción oral onde o alumnado fará preguntas sobre operacións bancarias sinxelas, fará tamén entrevistas de traballo como candidato o come "datore di lavoro". • Actividades de produción escrita como a elaboración do curriculum vitae e propostas de diferentes traballos.. • Actividades de mediación: explicar aos compañeiros, oralmente ou por escrito, como facer algunhas operacións bancarias o explicar un traballo. • Actividades variadas de apps na pantalla dixital, na aula presencial e na aula virtual, de diferentes tipoloxías de producións e comprensións, coa temática da unidade, de carácter máis lúdico.
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Operacións bancarias. • Servizos bancarios. • Pedir o porque: diversos modos para formular unha pregunta. • Ler e escribir un correo electrónico ou unha carata formal. • Fórmulas de apertura e peche. • Carta de presentación en resposta a un anuncio de emprego. • Proverbios italianos. • Buscar traballo. • Prepararse para un coloquio laboral. • Ler anuncios de traballo. • Escribir un <i>Curriculum Vitae</i>. • As profesións.
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: comprende diálogos que falan de operacións e servizos bancarios, comprende anuncios de ofertas de emprego. • Produción e coprodución de textos orais: interactua para realizar transaccións bancarias. Realiza coloquios de traballo. Expresa e intercambia opinións sobre o traballo e as nosas preferenzas. Desenvólvese realizando un coloquio de traballo. • Comprensión de textos escritos: comprende información específica de operacións bancarias, e ofertas de emprego. • Produción e coprodución de textos escritos: elabora un Curriculum Vitae seguindo o texto modelo do curriculum europeo (Europass). Escribe unha mail a un banco solicitando información específica. Crea propostas de empregos. • Mediación: Refire a información contida en documentos texto, audio ou video sobre o tema da unidade.

FEBREIRO-MARZO

Unidade 5: In viaggio per l'Italia.
Nuovissimo Progetto 2A, Unidade 3

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: anuncios, os viaxeiros, itinerarios, situación do tráfico. Comprender programas de actualidade referentes ao turismo e ás viaxes. • Produción e coprodución de textos orais: falar sobre as vacacións (duración, organización, actividades, preferenzas); Describir e falar dunha cidade. • Comprensión de textos escritos: Comprender folletos turísticos, contratos de viaxes. Comprender textos descriptivos sinxelos sobre cidades. • Produción e coprodución de textos escritos: escribir sobre as vacacións, describir e comparar cidades. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre cidades, lugar de vacacións, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema.

DPTO ITALIANO

	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de comprensión oral: anotar as vantaxes e desvantaxes dunha viaxe. Rexión italiana preferida. • Actividades de produción e interacción oral: facer unha exposición sobre as vacacións. Argumentar a elección dun destino de vacacións. Falar sobre os problemas das cidades. Como moverse na cidade. • Actividades de comprensión escrita: unir títulos a pequenos textos sobre as vacacións. Queixas sobre os problemas na cidade. • Actividades de produción e interacción escrita: Escribir un mail, dando consellos sobre unha viaxe. Escribir nun foro, dando información dunha cidade. Organizar una viaxe a unha cidade. • Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente informacións lida ou ouvida anteriormente sobre descripcións de cidades, receitas, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as. • Actividades variadas de apps na pantalla dixital, na aula presencial e na aula virtual, de diferentes tipoloxías de producións e comprensións, coa temática da unidade, de carácter máis lúdico.
Competencias e contidos	<ul style="list-style-type: none"> • Condicional pasado. • Pronomes CI e NE. • Algúns verbos pronominais. • Ponomes posesivos. • II comparativo; il superlativo. • Léxico : paisaxe urbana e rural; natureza e xeografía; viaxes e transportes; experiencias persoais; aloxamento. • Expresar: esperanza, desaprobación, desexo, prohibición. • Pedir axuda, preguntar a causa. Insistir e motivar. • Facer proxectos. • Expresar una preferenza • Indicar a posición xeográfica dun lugar. • Facer comparacións. • Pedir e dar informacións sobre servizos hoteleiros. • Describir unha cidade. • Coñecer localidades turísticas italianas
Criterios de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: anuncios, os viaxeiros, itinerarios, situación do tráfico. Comprende programas de actualidade referentes ao turismo e ás viaxes. • Produción e coprodución de textos orais: fala sobre as vacacións (duración, organización, actividades, preferenzas); Describe e fala dunha cidade. • Comprensión de textos escritos: Comprende folletos turísticos, contratos de viaxes. Comprende textos descritivos sinxelos sobre cidades. • Produción e coprodución de textos escritos: escribe sobre as vacacións, describir e compara cidades. • Mediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre cidades, lugar de vacacións, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

MARZO - ABRIL

**Unidade 6: *Stare bene.*
Nuovissimo Progetto 2A, Unidade 5**

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: comprender diálogos entre persoas onde se fala de deporte. As relación que os italianos teñen co deporte e das <i>Paralimpiadi</i> en Italia. Comprender conversas que falan do estrés.
------------	--

DPTO ITALIANO

	<ul style="list-style-type: none"> • Producción e coprodución de textos orais: desenvolverse nunha conversa para falar de deporte. Falar dos hábitos de vida saudable, das preferencias na práctica de actividade física. Falar do estrés: causas, síntomas..etc. • Comprensión de textos escritos: comprender información específica de textos relacionados có deporte, vida sana e os xogos paralímpicos italianos. • Producción e coprodución de textos escritos: Escribir una mail a un amigo, participar nun blog..etc, donde se fale, de xeito sinxelo sobre as nosas preferencias deportivas, sobre o estrés o sobre os xogos paralímpicos en España e Italia. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre o deporte, a vida saudable e o estrés, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema. • Actividades sobre os contidos gramaticais, lexicales e fonéticos da unidade. • Actividades de comprensión escrita de diferentes textos relacionados co tema do deporte, a vida saudable, o estrés e os xogos paralímpicos italianos. • Actividades de comprensión oral utilizando diferentes audios e vídeos relativos ao tema da unidade. Implementación de actividade de mindfulness per evitare lo estrés. • Actividades de produción oral onde o alumnado interactuará falando de distintos deportes e hábitos saudables para evitar o estrés. <i>Competición deportiva de deportes.</i> • Actividades de produción escrita como narrar feitos deportivos nunha competición.. • Actividades de mediación: descrición aos compañeiros, oralmente ou por escrito e de modo sinxelo una competición, explicar un deporte o una situación de estrés.
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Algunhas disciplinas deportivas e a relación que os italianos teñen co deporte. • Coñecer os paralímpicos italianos. • Falar de mantense en forma e levar una vida saudable. • Facer suposicións. • Expresións útiles para dar permiso para facer algo. • Falar dos propios hábitos de vida saudable. • Expresar as propias preferencias na práctica de actividade física. • Falar do estrés e das causas do mesmo. • Léxico: algunhas disciplinas deportivas. • O presente de subxuntivo: verbos regulares, <i>essere e avere.</i> • Uso do presente de subxuntivo. • Verbos irregulares do presente de subxuntivo. • O subxuntivo pasado: formas, uso, irregularidades. • O acordó cos tempos do subxuntivo.
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: comprende diálogos entre persoas onde se fala de deporte, sobre a relación que os italianos teñen co deporte e das <i>Paralimpiadi</i> en Italia. Comprende conversas que falan do estrés. • Producción e coprodución de textos orais: desenvólvese nunha conversa para falar de deporte. Fala dos hábitos de vida saudable, das preferencias na práctica de actividade física. Fala do estrés: causas, síntomas..etc. • Comprensión de textos escritos: comprende información específica de textos relacionados có deporte, vida sana e os xogos paralímpicos italianos. • Producción e coprodución de textos escritos: Escribe una mail a un amigo, participa nun blog..etc, donde fala, de xeito sinxelo sobre as preferencias deportivas, sobre o estrés o sobre os xogos paralímpicos en España e Italia. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou ouvidas sobre a música, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as. Repite oralmente a terceiras persoas, de modo lento, a información relativa a competicións o información relativa a conversas sobre o estrés.

DPTO ITALIANO

ABRIL - MAIO

Unidade 7: Feste e regali
Nuovo Espresso 3 (Unidade 7)

<p>Obxectivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas relacionados coas festas e os regalos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos. • Produción e coprodución de textos orais: Falar das súa relación coas festas. Contar unha experiencia sobre os regalos. Realizar unha presentación simple e curta sobre o tema das festas, expoñendo experiencias, feitos etc. • Comprensión de textos escritos: Comprender textos sobre o argumento das festas e os regalos. • Produción e coprodución de textos escritos: Facer comentarios sobre as festas. Comentar e contar unha experiencia. • Mediación: resumir de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou sobre a as festas, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.
<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso sobre contidos anteriores e quiz sobre os contidos do tema. • Actividades de comprensión oral: textos orais onde se fala das festas e/ou dos regalos. • Actividades de produción e interacción oral: entrevistas e intercambios de opinión sobre o tema das festas e os regalos. • Actividades de comprensión escrita: textos sobre os regalos. • Actividades de produción e interacción escrita: Exposición dun traballo sobre algunha festa italiana. • Actividades de mediación: actividades para mediar por escrito ou oralmente informacións lida ou ouvida anteriormente sobre a lectura e os libros, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as • Actividades variadas de apps na pantalla dixital, na aula presencial e na aula virtual, de diferentes tipoloxías de producións e comprensións, , coa temática da unidade, de carácter máis lúdico..
<p>Competencias e contidos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Indicar a falta de desexo de facer algo. • Dar consellos e facer hipóteses. • Adverbio <i>mica</i>. • condicional pasado. • periodo hipotético. • Léxico: Contidos léxicais relacionados coas festas e os costumes correspondentes. • Festas tradicionais en Italia.
<p>Criterios de avaliación</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais: Comprende exposicións relativamente complexas sobre temas relacionados coas festas e os regalos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos. • Produción e coprodución de textos orais: Fala das súa relación coas festas. Contar unha experiencia sobre os regalos. Realiza unha presentación simple e curta sobre o tema das festas, expoñendo experiencias, feitos etc. • Comprensión de textos escritos: Comprende textos sobre o argumento das festas e os regalos • Produción e coprodución de textos escritos: Fai comentarios sobre as festas. Comenta e conta unha experiencia. • Mediación: resume de xeito oral ou escrito as informacións lidas ou sobre a as festas, transmitindo o sentido xeral da información e os puntos e aspectos principais contidos no texto fonte, en función das necesidades dos/as destinatarios/as.

3.6. Criterios de avaliación

3.6.1. Actividades de comprensión de textos orais.

DPTO ITALIANO

Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.

Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.

Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiáns, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle acilitan a súa comprensión.

Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.

Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.

Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.

3.6.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.

Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.

Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.

Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.

Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.

Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).

Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.

DPTO ITALIANO

Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.

3.6.3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.

Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.

Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.

Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.

Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.

3.6.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.

Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.

Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.

Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.

Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

Utiliza, de xeito adecuado e para que resulte bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.

3.6.5. Actividades de mediación.

Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contdos nos textos fonte (orais ou escritos).

Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público,

DPTO ITALIANO

acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.

Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládala ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela disponible.

Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

3.7 Criterios de avaliación

O alumnado deberá ser avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación establecidos para cada actividade de lingua para os niveis básico A1 e A2, intermedio B1 e B2 e avanzado C1 e C2 nos currículos dos idiomas respectivos. A consecución dos obxectivos de cada nivel conducirá á obtención da certificación que corresponda.

3.7.1 Proceso de avaliación do alumnado

Realizaranse tantas avaliacións por curso como se estableza no proxecto educativo da escola, cun mínimo de dúas, coincidindo a última coa proba de certificación.

- **avaliación inicial ou de diagnóstico** do alumnado: ao inicio do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico, que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

O grao de dominio acadado nas diferentes actividades de lingua será avaliado mediante os seguintes tipos de proba:

- **Avaliación de progreso**

Avaliación de progreso: o profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

- **Proba de certificación**

As probas de certificación teñen como obxectivo avaliar o nivel de competencia lingüística do alumnado de escolas oficiais de idiomas nas distintas actividades de lingua nos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, establecidos nos currículos respectivos.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

3.7.2 Elaboración, administración e cualificación

DPTO ITALIANO

As probas de certificación para cada un dos niveis serán elaboradas, administradas e cualificadas de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

As probas de certificación administraranse nas sedes das escolas oficiais de idiomas e, se é o caso, nas súas seccións. Para a correcta administración das probas deberase ter en conta o disposto nas guías de administración de cada un dos niveis, así como nas guías informativas e de especificacións das probas de certificación, que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Con carácter excepcional, e logo de autorización da xefatura territorial correspondente, poderase variar o horario lectivo da escola ou sección naquelas franxas horarias en que a necesidade de espazos e profesorado o fagan necesario para o correcto desenvolvemento das probas.

Para os cursos do nivel B1 a puntuación total da proba será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, ademais, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

3.7.3 Avaliación de persoas con necesidades especiais

A organización e administración das probas para o alumnado con necesidades educativas especiais basearanse no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, no desenvolvemento das probas deberanse adaptar, se é o caso, a súa duración e as condicións de realización.